



CÓDIGO DE BON GOBERNO





FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA CÓDIGO DE BO GOBERNO

INTRODUCCIÓN:

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e no D.O.G. de data 10 de setembro do 2009 publica una resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, de data 8 de setembro, na que se ditan as Normas de bo goberno das Federacións Deportivas Galegas.

Estas normas buscan una maior responsabilidade e eficacia na xestión federativa, e estímase conveniente a elaboración e implantación de normas dirixidas a regular de xeito sistemático e ordenada o goberno das Federacións, como instrumento para unha maior eficacia e transparencia na xestión das mesmas.

Procédese a elaborar este Código de Bo Goberno segundo as recomendacións establecidas na citada resolución co propósito de establecer unha normativa que permita integrar a esta Federación na sociedade, aumentar a transparencia sobre a actuación e xestión económica da federación, con independencia da súa procedencia, pública ou privada, así como como no seu funcionamento interno.

NORMAS DE BON GOBERNO

1.- Xunta Directiva, Comisión Delegada, Asemblea e demais órganos recollido nos Estatutos

É obriga de todos os compoñentes destes órganos atuar con lealdade á Federación dea que forman parte, polo tanto impóñense a todos os compoñentes destes órganos os seguintes compromisos:

- 1.1.- Non utilizar en beneficio propio nin facilitar a terceiros os datos e informacións recibidos no desempeño do seu cargo
- 1.2.- Absterse de intervir naquelas deliberación e votacións nas que puidese ter un interese particular
- 1.3.- Non facer uso indebido do patrimonio federativo nin valerse da súa posición para obter vantaxes patrimoniais.
- 1.4.- Participar de xeito activo naquelas reunións as que fosen convocados, según lexislación actual, na súa condición de membro do órgano o que pertencen.



1.5.- A oposición a calquera acordo contrario as Leis, os estatutos ou ao interese federativo.

2.- Xunta Directiva

Ademais dos anteriores:

2.1.-Facilitará e publicará na WEB. apartado Documentos da Asemblea, aos membros da Comisión Delegada, Asemblea, Membros dos distintos Comités e outros órganos, polo menos cunha semana da antelación á realización da reunión, copia de canta documentación contable a xestión económica da Federación.

2.2.-Facilitará na súa memoria económica a información relativa ás retribucións en diñeiro ou en especies satisfeitas aos membros de goberno da Federación.

2.3.- Facilitará información do volume de transaccións económicas que a Federación manteña cos seus membros ou terceiros vinculados a estes.

2.4.- Non aproveitarse das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membros da Federación.

2.5.-Solicitaran un mínimo de tres ofertas nas operacións que superes 30.000 €.

2.6.-Facilitar todos aqueles datos e informes tecnico-deportivos que se soliciten dende a Administración Deportiva Autonómica.

ÓRGANOS DE CONTROL

3.-O/A Secretario/a Xeral

O secretario Xeral, membro da Xunta Directiva con voz pero sin voto. , deberá ademais das funcións recollidas nos propios Estatutos Federativos as que seguen:

3.1.-Atender a legalidade da actuación da Xunta Directiva.

3.2.-Comprobar, en cada momento a regularidade estatutaria.

3.3.- Velar polo cumprimento das disposicións emanadas dos distintos Órganos/Comités existentes nas normativas Federativas.

3.4.-Velará pola observancia dos principios e criterios do bo goberno.

4.- O/A tesoureiro/a

O tesoureiro/a, ademais das recollidas nos propios estatutos e regulamentos federativos, terá as que seguen:

4.1.- A supervisión da administración económica e financeira.

4.2.- A supervisión dos pagos e toda clase de documentos bancarios.

4.3- Remitirá á Administración deportiva autonómica anualmente o estado das contas e o orzamento previsto do exercicio seguinte. Sen autorización expresa desta administración deportiva non será posible a aprobación duns orzamentos deficitarios.



PROCEDIMENTO E XESTIÓN

Esta federación segue como procedemento de xestión, orzamento, seguimento e liquidación ao establecido na actual lexislación vixente emanada das distintas administracións deportivas, respectando, en todo momento a legalidade sobre a concesión de subvencións.

5.- Autorización de Operacións

5.1.- Autorización de Gastos

5.1.1.- A autorización de Gatos corresponderá a cada unha das persoas responsables de cada unha das áreas segundo o orzamento aprobado pola Asemblea na súa reunión extraordinaria celebrada no terceiro trimestre do ano anterior ao ano de vixencia do citaod orzamento.

- ✓ Gastos Xerais, corresponderalle a Secretaría Xeral
- ✓ Gastos de Actividades, á Secretaría Técnica
- ✓ Tecnificación, á Secretaría Técnica, tras proxecto elaborado polos distintos comités.

Todos eles deberán ter a conformidade da Presidencia, e/ou Xunta Directiva, co asesoramento da Tesourería, que facilitará o estado de cumprimento dos gastos en función do seu seguimento orzamentario.

5.1.2.- No caso de gastos que non figuran nos orzamentos federativos aprobados en Asemblea, serán autorizados pola Presidencia, que propondrá unha modificación orzamentaria á Comisión Delegada.

6.- Funcionamento de caixa

6.1.- Pagos

6.1.1.- Os pagos, na maioría dos casos, realizaranse mediante operación bancaria, transferencia, tarxeta...etc., en función das facturas presentadas.

6.1.2.-Poderanse facer pagos en efectivo atendendo aos seguintes casos:

- a. Entregas inmediatas
- b. Reembolsos.
- c. Pequenos traballos de conservación e/ou reparación
- d. Servizos realizados pon provedores que non dsipoñan de outro medio de pagamento, como por exemplo restaurantes.

6.1.3.-Todos estes pagamentos en efectivo deberán ter perfectamente identificado o concepto e deberan ser asinados por quen pretende o seu cobro, coa autorización correspondente antes de ser realizada.

6.2.- Cobros

6.2.1.-Os cobros realizaranse mediante operación bancaria.

6.3.- Réxime xeral de pagos

6.3.1.-Será por transferencia bancaria, ou coa utilización de tarxeta.

6.3.2.-Estableceranse cos provedores as condición de pago unha vez emitida a factura.



6.4.- Segregación de funcións.

O sistema de operacións na Federación Galega de Ximnasia non permite que unha única persoa poida intervir ne todas as fases da transacción, xa que incluso se están fosen efectuadas pola Presidencia sempre debería efectuarse o pagamento mediante a intervención doutra persoa.

6.4.1.-Os pagamentos serán realizados polo Tesoureiro, previa confirmación da persoa responsable de realizar o gasto.

6.4.2.-Esta persoa será a responsable de confirmar o pago, previa verificación de que a factura correspóndese co gasto.

6.4.3.-No caso de que non sexa, será a encargada de solicitar ao provedor a modificación da mesma, ata dar a súa conformidade. A partir de aí poderase realizar o pago correspondente.

6.5.-Facturas

6.5.1.-Facturas emitidas

6.5.1.1.-As facturas serán emitidas polo Tesoureiro, previa solicitude da persoa ou departamento que a debe emitir.

6.5.1.2.-Este departamento deberá de informar dos datos das persoas, entidades ou empresas ás que se lle vai emitir, así coma dos conceptos e importes.

6.5.2.-Facturas recibidas

6.5.2.1.-As facturas recibidas serán centralizadas en Contabilidade.

6.5.2.2.-Unha vez recibida a conformidade serán abonadas de acordo aos criterios establecidos e por operación bancaria.

6.6.- Procedemento contable

6.6.1.-Seguirase un proceso contable de acordo o Plan xeral contable de España adaptado ás Federacións deportivas.

6.6.2.-Todos os asentos contables serán custodiados polo departamento de Contabilidade.

6.6.3.-Así mesmo serán custodiados polo mesmo Departamento toda a documentación confidencial, follas de gastos ou calquera outra que soporte os gastos realizados.

6.7.-Retribucións

6.7.1.- Ningún membro da Xunta Directiva poderá recibir retribución algunha no desempeño das súas funcións.

6.7.2.-Poderán recibir dietas e gastos de desprazamento:

- ✓ Os membros da Xunta Directiva.
- ✓ Os empregados da Federación, no desempeño das súas funcións.
- ✓ Os membros da Asemblea, Comisión Delegada, Comités e Órganos de funcionamento previstos nos Estatutos ou Regulamentos no caso de asistencias as reunións.
- ✓ Os/as Xuíces no desenvolvemento da súa actividade no desenvolvemento das actividades de competición.



6.7.3.- En ningún momento a F.G. de X. Poderá establecer contratos blindados cunha indemnización por riba da actual lexislación vixente, salvo autorización da Administración Deportiva Autonómica, previa solicitude da propia federación.

XUNTA DE GALICIA

7.1.- A Federación Galega de Ximnasia facilitará coa debida antelación á Administración deportiva autonómica toda información concernente a actuacións promovidas que teñan proxección pública, tanto se se refire a actividades de promoción xenérica da correspondente modalidade deportiva, como se se refire a actos ou presentacións públicas de eventos ou actividades deportivas concretas.

En todas estas actuacións, a Federación Galega de de Ximnasia, velará por garantir a correcta utilización da imaxe corporativa da Administración deportiva autonómica, de acordo coas instrución que esta facilite.

ÉTICA DEPORTIVA

8.1-A Federación Galega de Ximnasia cumprirá e fará cumprir aos seus directivos, deportistas, técnicos, xuíces, e cantas persoas se integren nela o Código de Ética Deportiva, aprobado polo Consello de Europa, así coma o seguinte decálogo de conduta deportiva:

1. A deportividade e o xogo limpo.
2. O respecto ao adversario.
3. O rexeitamento de toda forma de violencia.
4. A loita contra a dopaxe.
5. O fomento de hábitos de vida saudables, especialmente entre os máis novos.
6. O respecto á diferenza e a multiculturalidade.
7. A loita contra calquera discriminación, independentemente da súa orixe ou causa.
8. O fomento da igualdade de xénero e dos comportamentos dignificantes do ser humano.
9. A protección do medio.
10. A loita contra toda forma de adulteración do xogo



Federación Galega de Ximnasia

R/ Noriega Varela nº 12 baixo 32004 OURENSE TF 988238999-FAX 988392168- info@ximnasia.com

